



A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 3 | Edición nº 26 | Febreiro de 2020 | PRECIO 2 EUROS

**Charlas sobre o
coidado das orquideas
en Salvaterra**

Páxina 4

**O maior orzamento da
historia de Ponteareas**

Páxina 7

**Ponteareas destina
máis de 500.000€ ao
Plan de Emprego 2020**

Páxina 8

**I Xornadas de
Patrimonio do Condado**

Páxina 11

**Fitur acolle a
presentación da
LX Festa da Lamprea
de Arbo**

Páxina 13



Rematadas as obras do miradoiro de San Nomedio, en As Neves

Páxina 14

Óptica mahen
mahen audióprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

CONDADO/PARADANTA

O Concello avanza cos trámites esixidos polo TSXG para a demolición do Eroski

O goberno lembra que só a aprobación do PXOM pola Xunta evitará un potencial prexuízo económico para o Concello

O goberno municipal aclarou que o recurso rexeitado polo TSXG nos últimos días en relación coa orde de demolición do hipermercado Eroski conleva que o Concello continue cos trámites para levar a cabo dita orde. O executivo explica que en outubro o TSXG esixiu ao Concello que iniciara os trámites dirixidos a garantir a demolición do Eroski no prazo dun ano, o goberno local interpuxo

recurso pero iniciou ao mesmo tempo os trámites posto que o recurso non suspendía a obriga de tramitar a demolición. Por ese motivo o concello explica que o rexeitamento agora daquel recurso en nada modifica os trámites que se están desenvolvendo desde hai xa catro meses.

Trala orde do TSXG o alcalde ordeou aos servizos técnicos e xurídicos municipais que puxeran en marcha os trámites para dar

cumprimento ao mandato do tribunal. A día de hoxe o Concello está realizando xa as xestións para contratar a redación do proxecto de demolición e, unha vez redactado, deberá licitar as obras a executar.

O goberno está especialmente preocupado pois de levarse a cabo a demolición, a administración municipal podería enfrentarse a reclamacións económicas de enorme contía, xa que no ano 2002 o goberno presidido por Nava Castro concedeu a licenza de obra que despois, no ano 2008, foi anulada polos Tribunais tras constatare a ilegalidade da



licenza concedida.

A única posibilidade de evitar a demolición e os posibles prexuízos económicos para o Concello pasa pola aprobación do PXOM, actualmente en mans da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva. O goberno local agarda que en breve a administración autonómica dea o visto bo ao PXOM e "evitar así un gravísimo

problema que outros gobernos anteriores crearon e que nós temos agora que xestionar e resolver".

O goberno local lembra que existen en Ponteareas, en zonas como o polígono da Lomba, outras instalacións industriais e comerciais sobre as que pesan tamén ordes administrativas e xudiciais de demolición que só se poderán evitar a través da aprobación do PXOM.

A pista de padel de Salvaterra abre a partir de febreiro

No mes de febreiro ábrese a nova instalación deportiva incorporada dentro das instalacións do Casal, unha pista de pádel que fai máis atractiva se cabe esta zona para a práctica deportiva, onde comparte espazo co campo de fútbol, o de fútbol sala, a pista de petanca e zona de ximnasia.

Esta pista de pádel terá un horario para reservas dende as 10:00 horas ata as 23:00, onde cada grupo poderá reservar a pista durante hora e media. Ademais a pista conta con servizo de luz.

Tamén cabe destacar que as instalacións contarán cun vestuario habilitado para que as persoas que utilicen a pista poidan ducharse.

O prezo da reserva é de 12€ 1.30 horas, facendo unha redución do 50% para os veciños e veciñas da Eurocidade (6€). O pagamento farase mediante transferencia bancaria e previamente á utilización da pista.

Para reservar a pista inicialmente farase por ventanilla no Concello, mentres non se remata a páxina web, que será o método utilizado posteriormente.

Dende o Concello animase a todos e todas a práctica desde deporte divertido e saudable, contando cunha serie de normas e consellos de utilización na propia

pista que as farán máis seguras e dinámicas que se enmarcan dentro das políticas de fomento de vida saudable que promove este Concello.

A Selección Galega Alevín Sur de fútbol sala en Leirado



As xogadoras da Selección Galega Alevín Sur de Fútbol Sala, capitaneadas pola nova seleccionadora Bea Seijas, desprazáronse na tarde do mércores ata o pavillón de Leirado para adestrar. Unhas instalacións que se acaban de reformar recentemente coa instalación dun pavimento deportivo aeroelástico de tarima de madeira, especialmente apto para a práctica do fútbol sala, baloncesto, balonmán e patinaxe, específico de instalacións deportivas.

A Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, e o Vicepresidente da RFGF, Fernando Iglesias achegáronse ata a Leirado para saudar e charlar coas xogadoras

Gala Premios Surcos



O mércores 29 de Xaneiro tivo lugar no Concello de Salvaterra de Miño a presentación da que será a Gala de Premios da Escudería Surco. En dito acto estiveron reunidos o presidente da Escudería Surco, Manuel Carballo Logo, xunto ca alcaldesa Marta Valcárcel, a cal mostrou seu apoio incondicional a este clube organizador que en 2020 chegará as dezasete edicións do seu evento estrela: o rally Sur do Condado.

Tras case 19 anos de actividade, a Escudería Surco organiza por primeira vez unha gala para recoñecer a labor e o apoio de concellos, marcas comerciais e

pilotos que optaron por esta organización, e que prolongaron dita colaboración durante todos estes anos.

O evento terá lugar o Sábado 15 de Febreiro no salón de actos da Casa da Cultura de Salvaterra, entre as 18 e as 21 horas, e serán dados unha serie de galardóns e mencións por parte de Surco hacia todas esas figuras de vital importancia para o desenrolo das súas actividades, dende sponsors ata voluntarios, pasando por entidades públicas e persoas que xa non están, pero que no seu momento foron clave para a continuidade do clube.



Para cando o Partido Republicano?

A recente historia deste país chamado España tennos “drogados”, politicamente falando. Vimos de espertar dun soño de 40 anos de ditadura, que nos transportou ao que se ben en chamar “período democrático” por excelencia.

Os que temos a manía de metee o fociño nas cousas da historia, talvez porque fomos culturizados, é un dicir, dentro duns parámetros perfectamente marcados dende o Poder absoluto dunha ditadura, levamos tempo (sobre todo nos últimos 50 anos da nosa existencia) soñando con outra cousa. Lemos, estudiamos, discutimos (isto menos porque a verdade é que non queda moita xente coa que discutir, non disputer, que dirían os franceses), de por que en España non existe un Partido Republicano potente?

Curiosamente, énchesenos a boca falando dos tempos da República. Que aqueles si que eran tempos de apertura intelectual, social, etc. Con todo, chegou esta etapa, e como si nos administraran un forte somnífero, ata os partidos considerados herdeiros dos tempos republicáns, non se atreveron a erguer a bandeira republicana. Como se fora un pecado de lesa humanidade, o PSOE que sempre presumiu de republicano, non sei, ou si sei, por que vergoñentas culpas se adaptou, coma un camaleón político, á nova situación. Todos se volveron monárquicos. Os Reis estiveron e seguen estando contentísimos cos socialistas.

Felipe González cambiou a chaqueta de pana por outra propia dos salóns da realeza, Alfonso Guerra, aquel dobermán que ía comerse o mundo, pasoulle como a Pablo Iglesias, o Poder emborrachounos de tal maneira que hoxe son, sobre todo o socialista, máis monárquicos que a raíña Leticia.

É curioso. Hoxe vemos como resucitan

“las flechas de mi haz”; crecen como fungos nesta terra seca de ideas (é curioso, porque os fungos crecen en terras húmidas) os herdeiros de “Dios Patria y Rey” sen que pase nada. Todos aceptamos que nunha democracia se poden defender todas as formas posibles de ordenar a sociedade, sempre, claro está, que se respecten os principios democráticos mínimos: dereitos humanos, liberdade de opinión,

labor de legislar e controlar o Poder Executivo.

Se non goberna que pitos ten que tocar no Parlamento representante xenuíno do Poder do Pobo? Ou é que o Pobo español, como di a canción portuguesa, é que máis ordena, pero sempre que o Rei lle permita facelo?. Que pasa se as Cortes se poñen en marcha sen o “permiso” do Rei?



respecto polas crenzas e condicións sexuais diferentes, etc. Pero non vemos que se erga a bandeira da República nin se defendan os seus principios.

Estes días en Madrid, ese Rei que din que reina pero non goberna (eu non mo creo nin de coña) foi protagonista: presidiu a apertura do novo ano lexislativo; ou sexa, deu o pistoletazo de saída para que as Cortes Xerais poidan comezar o seu

Ben, pero, sempre hai un pero. Varios partidos dixeron que o acto non ía con eles; non lle concedían representatividade ao Monarca Borbón para ser protagonista nun acto tan singular e definitivo no labor de organizarse un País: ER de Cataluña, JxC, CUP, BNG e Bildu, non entraron na Cámara. Supoño que o fixeron porque non son monárquicos e son coherentes.

Todos os demais parlamentarios (de-

putados e senadores) que si ofreceron o rendez-vous ao monarca son, de verdade, monárquicos? Entendo que non. Logo por que ese sometemento? Por que non son honestos e demostran, non con xestos máis ou menos alambicados, senón con posturas claras e definidas que para eles a Monarquía é unha imposición histórica que non aceptan de boa gana?

Vivimos nun país de covardes políticos. Non somos capaces de romper as cadeas que nos atan a ese pasado que todos dicimos querer esquencer pero sen atrevemos a substituílo por unha nova primavera.

Eu, que nacín apenas rematada aquela guerra incivil que nunca debeu existir; eu que fun educado (mellor domesticado) polos que se adaptaron a ser obedientes co Réxime; polos que, aínda hoxe, non se atreven a falar con liberdade, quero desafiar publicamente a todos eses que se din “non monárquicos” a que nos organicemos arredor da bandeira republicana e constituamos o Partido Republicano: galego, catalán, vasco, andaluz e castelán. Logo chegaría a Federación de Partidos republicanos da Península Ibérica (Portugal xa é republicano). Por algo dicía Castela “menos mal que nos queda Portugal”.

Cada quen no seu territorio e todos defendendo o dereito a organizar as nosas respectivas sociedades sen coroas nen coroados.

Agora que está de moda iso das redes sociais (debo recoñecer a miña incapacidade para dominar ese mundo) sería o momento de facer unha proposta aos españois preguntándolles se estarían dispostos a prestar apoio (xa se vería como) a un Partido republicano de verdade.

Quen se apunta? A miña ficha xa está cuberta. E a túa?



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA

Charlas formativas sobre o coidado das orquídeas

O Concello de Salvaterra de Miño presenta o programa de charlas formativas que se impartirán dende o Orquidario do Parque Público A Canuda entorno ao coidado das orquídeas.

O Parque Público A Canuda conta con máis de 200.000m2 e dentro desas instalación alberga o único orquidario de Galicia e Norte de Portugal, que a día de hoxe expón máis de 100 variedades e preto de 500 orquídeas., que fai que sexa unha zona de parada obrigatoria para os amantes desta planta que conta cun espazo moi especial neste marabilloso parque,

que mestura natureza e ocio.

Este ano 2020 ponse en marcha dende o propio Orquidario un programa de charlas formativas sobre o cultivo e coidado de varias variedades de orquídeas que se levarán a cabo a través da colaboración coa Asociación Portuguesa de Orquidofilia. Esta asociación creouse no ano 2007 en Lisboa e conta con 546 asociados; nestes momentos participa en diversas feiras – exposicións en Portugal e España, xa que colabora xunto ao Concello de Salvaterra na organización da súa Feira – Exposición Internacional de Orquídeas.

Inicio do curso “Aprende a elaborar os teus textos oficiais”

D euse comezo o curso “ APRENDE A ELABORAR OS TEUS TEXTOS OFICIAIS” organizado polo Concello de Salvaterra de Miño, que se levará a cabo do 23 de xaneiro ó 13 de febreiro todos os xoves de 10:30 a 12:00 horas na Casa de Cultura.

Con esta actividade búscase que todas as persoas aprendan os mecanismos e as ferramentas das que poden dispor para elaborar distintos documentos oficiais válidos na súa vida cotiá, como pode ser facer un currículo ou cubrir unha instancia. Ademais, cada

alumno e alumna teñen a súa disposición un ordenador con acceso a internet, xa que este curso dase na aula de informática para que tamén se adapten as novas tecnoloxías.

“É unha maneira de adaptar e achegar a todas as persoas ós avances impostos polo ritmo frenético e imparable do mundo actual”, comentaba o Concelleiro de Deporte e Xuventude durante a visita ó inicio do curso.

Todavía quedan algunhas prazas libres, polo que dende o Concello anímase a inscribirse a todas esas persoas ás que lles poida interesar.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Aberto o prazo de inscrición para o Enterro da Lamprea 2020, que se celebrará o 29 de febreiro

O Concello de Salvaterra de Miño ven de anunciar que se abre o prazo ata o día 6 de febreiro para realizar as inscricións de participación no ENTERRO DA LAMPREA 2020, tanto na categoría de carroza como comparsa, que este ano celebrárase o próximo 29 de febreiro, a partir das 17.00h. Aínda que o

Concello, por motivos de seguridade, de organización e espazo, resérvase o dereito de reducir ou ampliar o prazo de inscrición.

Neste desfile poderán inscribirse todas aquelas Comparsas e Carrozas, que cumpran os requisitos. Solo se poderá inscribir unha comparsa ou carroza por asociación ou persoa.

Modalidades: Categoría de Carroza: Poderán participar nesta categoría todas aquelas carrozas que teñan como mínimo 25 participantes e unhas dimensións mínimas de 5 m de largo.

Categoría de Comparsa: Poderán participar nesta categoría as comparsas que teñan un mínimo de 20 membros.

As comparsas ou carrozas deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestiario coma na súa actuación. Non se considerarán como comparsas ou carrozas con dereito a inscrición e participación aquelas que en anos anteriores repetiran, no sustancial, o seu disface.

Os premios a participación oscilarán entre os 100 e os 600 €, dependendo da categoría e da cantidade de participantes.

Dende o Concello queren recordar que todas aquelas persoas que queiran participar no enterro de forma persoal e non a través dunha carroza ou comparsa poden



facelo dentro da propia comitiva da defunta lamprea, formando parte do grupo de Choronas que acompañan a lamprea, de loito riguroso.

A saída do desfile, de Comparsas e Carrozas do Enterro da Lamprea do Entroido 2020 de Salvaterra, está prevista para as cinco da tarde, dende a Rúa Rosalía de Castro, discorrendo por Castelao, Fonte da Vila, dona Urraca e Praza do Concello.

Venres 21 de febreiro

Ás 10:30h. **Desfile de Entroido** dos Centros Educativos de Salvaterra, dende a Praza do Concello ata o Auditorio do Parque da Canuda (en caso de chuvia trasladarase ao Pavillón de Leirado)

Martes 25 de febreiro

A partir das 17:30h. **Festival Infantil** de Entroido no salón da Casa de Cultura, con rosca e chocolate para tod@os!

Sábado 29 de febreiro

Ás 17:00h. **Enterro da Lamprea**

Actividades conmemorativas

O Concello de Salvaterra de Miño en colaboración coa Asociación Pilar Domingo e ZUMBA FITNESS, celebrou os días 1 e 2 de febreiro actividades co motivo do Día Internacional contra o Cancro.

O Sábado 1 de febreiro, ás 17h. no Salón da Casa de Cultura, tiveron lugar exhibicións de baile dos grupos "Grupo de baile Centro Deportivo e Cultural do Casal", "Xuntanza de Randufe (Tui)" e "Asociación Cultural e Deportiva Insúa de Caldelas (Tui)". O domingo día 2 de febreiro ás 11:00 horas na Praza do Concello a instrutora de ZUMBA en Salvaterra, Inma Vilaboa, acompañada de instructores e instructoras, impartiron unha Masterclass de Zumba aberta ao público

Día de Rosalía

Salvaterra celebrará o Día de Rosalía, o luns 24 de febreiro, cunha actividade infantil ás 17h. na Praza do Concello. Consistirá na lectura de varios poemas da escritora e ademais os asistentes poderán colocar no seu corpo calcomanías con diferentes imaxes da autora así como algúns dos seus versos.

Día da Muller

O Día da Muller Traballadora será celebrado en Salvaterra cun obradoiro infantil, o día 8 de marzo na Praza do Concello. A través do xogo e da creación de pegatinas os nenos e nenas coñecerán 10 mulleres que no seu día foron pioneiras en diferentes ámbitos e cuxas historias merecen ser coñecidas e postas en valor.



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA

O Museo do Viño presenta unha oferta ampla de cursos e experiencias para 2020

Dende que se abriu o ano pasado no mes de marzo, o Museo do Viño do Condado está sendo un referente en toda a comunidade. As máis de 3.000 persoas que nos visitaron neste primeiros meses de andadura coinciden en destacar a gran calidade do museo, pero sobre todo a súa interactividade.

Nestes primeiros meses dende o Conxunto museolóxico lévanse impartido diferentes charlas e cursos cun gran éxito de participación, ademais está sendo utilizado polo sector profesional como referente nas visitas nacionais e internacionais utilizándose como unha ferramenta fundamental na promoción do noso sector vitivinícola; e nesa liña séguese traballando, xa que tanto

dende o Concello como dende a Cofradía do Viño do Condado do Tea e Espumosos cremos que é necesario que este museo sexa un museo vivo, que ademais da exposición fixa oferte aos usuarios outras opcións e alternativas vinculadas co propio sector, e é así como nace este programa de actividades para o ano 2020.

Dende o Museo do Viño presentamos hoxe conxuntamente, dende o Concello e a Cofradía, unha oferta ampla e variada de Cursos formativos para o ano 2020, un proxecto ambicioso e pioneiro en canto a volume de actividades programadas durante todo o ano que van dende un curso de iniciación á cultura do Viño, onde se busca, sen coñecementos previos e en moi pouco

tempo, conseguir entender moito mellor o viño e aprender a apreciarlo; cursos sobre os grandes clásicos: España, Francia, Italia e Portugal onde se fará unha viaxe fantástica polas paisaxes, sabores e culturas destes países; ofertarase tamén un curso sobre as 9 grandes, as variedades de uva que conquistan o mundo, variedades que calquera afeccionado ao viño escoitou algunha vez: cabernet sauvignon, chardonnay, shylarh.. Neste curso coñeceremos as súas características fundamentais, os diferentes estilos de viños que producen ao longo e ancho do planeta e aprenderemos a diferenciarlos e apreciarlos.

E rematamos a parte formativa coa impartición da Certificación WSET: Cualificación de Nivel 2 en



viños. WSET é unha organización con sede en Londres e estendida por todo o mundo que conseguiu converterse na referencia internacional na formación do viño.

Como parte novidosa dende a organización ofértanse nove experiencias en adegas baixo o lema "DA CEPA A COPA" que implicarán as adegas e aos profesionais na impartición de clases prácticas na produción e formación en espaldeira e outros sistemas, en

enxertos, en mantemento do chan e laboreos, no manexo de vexetación e poda en verde, nas enfermidades e pragas da viña, no aclareo de acios e destetado e desfollado, no seguimento de maduración e toma de mostras, na vendima e elaboración de viños brancos e tintos e no seguimento das distintas elaboracións. Experiencias que rematarán cunha cata de viños das adegas visitadas.

A Deputación finaliza as obras do firme na EP-4006 en Ponteareas, As Neves e Salvaterra

A Deputación vén de rematar as obras de reposición de firme na estrada provincial 4006 Ponteareas-As Neves, ao seu paso por estes dous concellos e por Salvaterra. A actuación fora adxudicada por 568.387,09 euros e está enmarcada no modelo de mobilidade segura do goberno provincial.

Neste senso, a actuación tiña por obxecto mellorar o firme deste viario, que ten unha lonxitude total de 12,1 quilómetros e amais de comunicar os concellos de

Ponteareas, Salvaterra e As Neves, serve de enlace tamén coa A-52, de xeito que ten un tráfico intenso. Así, a intensidade media de circulación nesta estrada no ano 2018 fora de 3.399 vehículos ao día no treito comprendido entre Ponteareas e a A-52, e de 3.568 no que se refire ao tramo entre a autovía e As Neves.

Máis polo miúdo, os traballos realizados consistiron no fresado e reposición do firme en varios treitos da estrada e na execución de microaglomerado en frío nou-



tros. No primeiro caso, actuouse nunha superficie de 49.425 metros cadrados, para a que se uti-

lizaron 5.800 toneladas de formigón bituminoso e 290 toneladas de betume asfáltico, mentres

que o microaglomerado en frío se dispuxo en 48.300 metros cadrados da estrada. A actuación completouse coa renovación da sinalización horizontal en toda a EP-4006.

A execución desta obra na EP4006 coordinouse co desenvolvemento doutras actuacións coas que coincidiu no tempo, en concreto a instalación de pasos elevados de peóns nesta estrada e a mellora de zonas de calmado de tráfico, neste caso enmarcada no Plan Móvese.

o remendón
CERRAJERO

24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y teclados
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplimex

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

O noso Eido

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreia, Poxas do Río, Cocido a Portuguesa, Bacalao e Kikos a la brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 / Coke 646 424 968
Telf. 906 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

milfollas

LIBRERÍA • PRENSA • PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

PONTEAREAS

O goberno presenta o maior orzamento da historia de Ponteareas

Ascende a máis de 22 millóns de euros, un 34% máis que en 2018, e destina 7 millóns a investimentos en obras e servizos

O goberno BNG-PSOE do Concello de Ponteareas presentou publicamente o maior orzamento da historia da localidade. A intención do goberno de coalición é aprobalo neste mes de xaneiro. O presupuesto pactado entre ambas as dúas forzas políticas ascende a 22,2 millóns de euros, fronte aos 16,9 millóns de euros de 2018, o que supón un incremento dun 34%. Ese aumento dispárase até ó 70 % se o orzamento se compara co derradeiro aprobado polo goberno do Partido Popular, de pouco máis de 13 millóns de euros. O orzamento é equilibrado, coa mesma contía de ingresos e gastos, o que permitirá cumprir un ano máis o principio de estabilidade orzamentaria.

O Alcalde Xosé Represas, quen ademais é responsábel da área de Facenda, sinalou que “o orzamento ten tres obxectivos fundamentais: investir en novas obras e servizos que melloren a calidade de vida, crear emprego en Ponteareas e ampliar e reforzar os servizos e prestacións sociais para avanzar nunha sociedade máis igualitaria e cohesinada”. Neste sentido, Represas salientou que se destinarán 7 millóns de euros a investimentos en obras e servizos, financiados con recursos propios e outros de procedencia europea como os da estratexia DUSI e IDAE, destinados principalmente a alumado público, “logrados grazas a unha eficaz xestión no pasado mandato”.

Pola súa banda, a concelleira socialista Chus Garrote cualificou os orzamentos de “ambiciosos” e salientou que darán un impulso definitivo á transformación de Ponteareas. No orzamento contéplase o investimento de máis de catro millóns de euros para a renovación de todo o alumado municipal, tanto na vila como nas parroquias, unha acción que acometerá a área de alumado xestionada por Garrote e que suporá unha mellora na calidade da iluminación pública e un grande aforro económico en consumo para o Concello.

Represas explicou que con este orzamento “non se incrementan impostos e se destinan 735.000 euros para subvencións a colectivos sociais e culturais, traídas



veciñais, clubs deportivos, etc, o que supón un incremento de case o 25% respecto a 2018”.

En canto ao persoal, área baixo a responsabilidade do PSOE, o gasto orzamentado representa o 31,8% con algo máis de sete millóns de euros aínda que o custo real da plantilla fixa se rebaixa aos 5,5 millóns de euros. Chus Garrote salientou que os orzamentos posibilitan tamén a convocatoria de 20 prazas novas de persoal necesarias para o Concello, nas distintas ofertas de emprego a convocar este ano, o que suporá unha mellora no funcionamento administrativo municipal e a atención cidadá.

Por último, os gastos correntes e o funcionamento dos servizos públicos acadan o 31% do orzamento con 6,9 millóns de euros sendo a partida máis destacada, con 1,6 millóns de euros, a de limpeza viaria, recollida de lixo e tratamento do mesmo en Sogama.

Represas e Garrote amosáronse moi satisfeitos cuns orzamentos cuxa aprobación está asegurada coa maioría que ostentan BNG e PSOE e que “son o resultado do saneamento económico que realizamos nos últimos catro anos con grandes esforzos municipais e sacrificios para a veciñanza de Ponteareas”.

O goberno pon en marcha en Arcos a primeira experiencia de compostaxe individual de Ponteareas

O 95% dos veciños e veciñas aceptaron participar no programa

A concelleira de Medio Ambiente, Rosa Covelo, e o concelleiro do Medio Rural, Roberto Mera, xunto a varios técnicos, presentaron na parroquia de Arcos o programa de compostaxe individual que se acaba de implantar nesta parroquia ponteareán, no marco do programa Revitaliza impulsado e financiado pola Deputación.

Na presentación, Rosa Covelo salientou que unha das liñas estratéxicas a traballar nestes catro anos é a mellora na xestión dos residuos eliminando, por exemplo, toda a materia orgánica que remata no colector verde, reducindo así a contaminación dese lixo que xestiona Sogama. Isto aforrará custos económicos na recollida e tratamento dos

residuos e convertirá a materia orgánica en algo útil mediante a súa transformación en abono de calidade.

Durante varios meses os técnicos, acompañados de representantes veciñais, visitaron todas as vivendas da parroquia acadando o compromiso do 95% dos veciños e veciñas para participar nesta experiencia pioneira en Ponteareas e que se prevé estender durante os vindeiros anos ao resto do rural do concello. Arcos, con preto de 500 habitantes, foi a parroquia escollida porque se axusta en poboación e vivendas aos composteiros individuais entregados pola Deputación e, sobre todo, porque conta cun tecido asociativo moi amplo, activo, organizado e con-



cienciado no respecto ao medioambiente xa que desde hai anos a parroquia realiza actividades de voluntariado medioambiental como a vixilancia dos montes para previr incendios, a eliminación de invasoras como as acacias ou a eliminación dos vertedoiros incontrolados.

Os técnicos explicaron aos asistentes como se monta o composteiro individual e de que forma debe usarse correctamente. Os residuos orgánicos supoñen o

42% do lixo que se produce nun fogar e que, en lugar de rematar nun colector, pode converterse en abono a través dun proceso moi sinxelo que agora a veciñanza poderá realizar na súa casa.

Tras esta primeira reunión na que as persoas participantes recolleron os seus composteiros, os técnicos farán durante o ano 2020 dúas visitas a todas as vivendas para comprobar o correcto uso dos composteiros e aclarar calquera dúbida.

Obradoiro de escrita creativa



A concellería de Cultura, que dirixe Fernando Groba, ten aberto o prazo de inscrición para o obradoiro de escritura creativa que comezou o 21 xaneiro todos os martes de 18 a 20 horas na biblioteca pública municipal.

Impartido pola escritora María Lado é totalmente gratuíto e as e os interesados deben inscribirse a través do número de teléfono 986 660 765 ou no enderezo electrónico bibliotecamuseo@ponteareas.es

María Lado comezou a escribir no núcleo do “batallón literario da Costa da Morte” donde publicou os seus primeiros textos en tres libros colectivos: Nós, Mar por Medio e Rumbo ás illas.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas destina máis de 500.000€ ao Plan de Emprego 2020

O goberno municipal de Ponteareas de BNG-PSOE, ven de por en marcha o Plan de Emprego 2020 cun importe total de 540.980,98 euros e que será financiado a través do Plan Concellos da Deputación que aportará 254.402,20 euros e o importe restante, 286.578,78€ será con fondos propios do Concello.

As persoas que queiran aspirar a beneficiarse deste programa deben cumprir co requisito de estar en situación de desemprego e inscritas como demandantes de emprego na oficina comarcal de Ponteareas do Servizo Galego de Emprego para poder participar na preselección de candidatos que realizará o servizo de emprego. Posteriormente será o Concello quen realice as probas de selección dos candidatos idóneos para cada posto para proceder á contratación. Este proceso, do que o Concello informará no seu momento, poráse en marcha unha vez recibida a concesión da subvención da Deputación.

Códigos de ocupación na oficina de emprego

As persoas interesadas, ademais de estar inscritas no Servizo de Emprego como demandantes sen ocupación, para ter oportunidade de poder optar a estes postos de traballo terán que inscribirse en algún dos seguintes códigos de ocupación na oficina de emprego. Detállanse a continuación as ocupacións que solicitará o Concello de Ponteareas para os contratos deste plan de emprego que se iniciarán no mes de abril:

95.12.10.19 Peón de medio ambiente, xardiñeiros en xeral
71.91.10.12 Oficial 3ª oficios varios mantedores edificios
93.10.10.24 Axudante de cociña
56.11.10.13 Auxiliar de clínica
43.09.10.29 Auxiliares Administrativo (admon xeral)
92.10.10.50 Limpador/a
31.29.11.89 Técnico en Medio Ambiente
37.24.10.34 Animador sociocultural
22.52.10.13 Educador/a infantil
31.22.10.96 Técnico/a en obra pública
28.22.10.32 Técnica/ o en administración pública
26.30.10.20 Técnico/a en turismo
96.02.10.13 Peóns de Vías e Obras
72.21.10.12 Oficinas 3ª Fontanería
71.21.10.15 Oficiais 3ª Albanelería
75.10.10.33 Oficiais 3ª Electricidade

Comezan as obras para a mellora da mobilidade e seguridade peonil no acceso á Igrexa de Guláns

A Deputación de Pontevedra vén de comezar as obras do proxecto para a mellora da mobilidade e seguridade peonil na estrada provincial EP-4004 de acceso á igrexa de Guláns, dende o PQ 0+000 ao PQ 0+490, no concello de Ponteareas. A actuación, a cuxo inicio asistiu hoxe o deputado de Infraestruturas Gregorio Agís, acompañado do alcalde Xosé Represas, e da concelleira de Vías e Obras, Chus Garrote, entre outras concelleiras, foi adxudicada á empresa "Obras, Reformas e Saneamentos, S.L." cun orzamento de 305.023,73 euros dos que o concello aporta o 20% do custe. O prazo de execución das obras é de 5 meses nun proxecto enmarcado nos criterios de mobilidade segura da Deputación de Pontevedra.

O obxecto da actuación é a mellora do firme actual da estrada, a mellora das instalacións e



a ampliación da beiravía, o que permitirá mellorar a mobilidade nesta vía. En concreto, levaranse a cabo obras nun tramo de case 500 metros da estrada, que dá acceso á igrexa e o cemiterio de Guláns, así como ao colexio Feliciano Barrera. Ata o de agora, este tramo carecía de elementos de calmado de tráfico e seguridade peonil.

O tramo da actuación, con velocidade limitada a 30 quilómetros por hora, está composto por unha

calzada de dous carrís, de 3 metros cada un, e dúas beiravías de tamaño variable. Así, o proxecto inclúe unha beiravía na marxe esquerda para garantir a mobilidade e seguridade da veciñanza, e na zona da igrexa contempla unha plataforma única compartida con prioridade para os peóns. Ademais, tamén se procederá á mellora e renovación do alumado público, así como á execución da sinalización horizontal e vertical correspondente.

As obras de ampliación e mellora do vial público comencian en Duca



A concelleira de Vías e Obras, Chus Garrote, visitou xunto cos técnicos responsables do proxecto o vial de Duca no que comezaron as obras de ampliación e mellora.

As obras deste vial público, sito na parroquia de Santiago de Oliveira, foron adxudicadas por 128.109,04€ e dotarán dunha axeitada accesibilidade á zona de actuación posto que o camiño existente apenas permite o paso dun vehículo lixeiro non sendo suficiente para o acceso de vehículos de emerxencias.

Respondendo á demanda veciñal ensancharase nun dos tramos o camiño que na actualidade tamén carece de pavimentación e conta con anchuras inferiores a 2,5 m.

"Estaba entre os nosos ob-

xectivos realizar canto antes esta obra para a que traballamos da man da veciñanza para as conseguir as cesións, estudar a tipoloxía de muros e a reposición de fosas sépticas", explica Chus Garrote.

Con estas obras dotarase o camiño dun novo pavimento mediante o estendido dunha capa de asfalto en quente, ensancharase para facilitar o paso de todo tipo de vehículos e repóraranse os subministros que se vexan afectados polas obras así como os muros e peches.

Ademais Chus Garrote engade que, en coordinación coa comunidade de augas de Santiago de Oliveira e dando resposta a súa petición, realizarase un novo trazado e se colocará nova tubaxe de abastecemento de auga.

Tramitacións do DNI e ITV en Ponteareas no 2020

A Policía Local de Ponteareas informa das datas na que se poderán renovar e tramitar os documentos nacionais de identidade na Casa do Concello de Ponteareas. O equipo móbil deprezase a Ponteareas os seguintes días do presente ano 2020: 20 e 27 de febreiro, 30 de marzo, 2 de abril, 22 e 28 de maio, 16 e 21 de setembro, 23 e 28 de outubro e 14 e 17 de decembro.

A cita pódese solicitar nas oficinas da Policía Local ubicadas no parque das Pombas ou no teléfono 986 64 00 50 de 08:00 a

14:00 horas.

En canto á ITV para os vehículos agrícolas estará a unidade móbil 10 no campo de fútbol de Pardellas o vindeiro 27 de marzo en horario de 9 a 13:30 horas e do 30 de marzo ao 1 de abril en horario de 9 a 13:30 e de 15:15 a 18 horas.

Para os vehículos lixeiros estará a Unidade Móbil 6 na explanada do campo de fútbol de Pardellas do 4 ao 5 de marzo en horario de 9 a 13:30 e de 15:15 a 18 horas, agás o día 5 que terá lugar só en horario de mañá de 9 a 13:30 horas.

O Consello de Contas investiga o Concello de Ponteareas de oficio

O Consello de Contas de Galicia é o órgano fiscalizador dos Concellos e Ponteareas volve ser noticia nos pasados días cando o propio Consello de Contas informaba que para este ano 2020 investigara de oficio o Concello de Ponteareas ante sospeitas de irregularidades na xestión do goberno BNG-PSOE.

Juan Carlos González Carrera Portavoz de ACiP lamenta que esta noticia volva poñer o foco en Ponteareas e que sexamos un dos cinco Concellos de Galicia que van investigar, a xestión deste Goberno Municipal que quere abanderar a bandeira da transparencia queda desmontada con esta investigación.

Desde ACiP advertimos ao goberno local en distintas ocasións que a xestión económica fragueaba pola súa falta de transparencia e agora o propio Consello de Contas o manifesta.

O propio Consello de Contas manifesta poñer o foco da investigación no remanente de te-

sourería positivo do que tanto presume o Sr Represas presume de sanear o Concello e agora quedan as súas manifestacións en mentiras.

A mais o propio Concello de Contas observa problemas na contratación de servizos onde o Concello de Ponteareas durante o exercicio anual contrata directamente centenaes de facturas directamente sen pasar por ningún tipo de procedemento de publicidade e transparencia amparándose sempre na urxencia contratando sempre os mesmos e en casos fraccionando contratos e facturas algo que a lei prohibe.

Presentamos en diferente ocasións ao pleno que debería haber un control a través dunha orde de contratación de técnicos e empresas para non sempre contratar cos mesmos facendo caso omiso o Goberno Municipal.

Hai casos onde algúns técnicos e empresas contratados polo Concello factura miles de euros ao ser sempre os mesmos algo prohibido por lei pois tería que



pasar por un procedemento de contratación pública.

É un secreto a voces que ao remate do pasado ano 2019 non existía partida económica para gastar e pediron ás empresa que realizasen os traballos e que os facturen este ano 2020 algo prohibido por lei e ilegal.

Alegrámonos que o propio Consello de Contas investigue esta practicas, desde ACiP seguiremos poñendo en coñecemento do propio Concello de Contas de todas as reclamacións de información que realizamos ao Concello e que o Sr. Alcalde néganos ou dá a calada por resposta.

O PP culpa ao goberno actual das filtracións de auga no auditorio municipal

O PP de Ponteareas lamenta que o actual Goberno local non realice os mantementos necesarios aos edificios de propiedade municipal e siga culpando a gobernos anteriores da súa nefasta xestión.

“O auditorio, que foi reformado hai nove anos, non conta con servizo de mantemento a pesar de que se está utilizando diariamente. O alcalde debería solicitar un informe á arquitecta municipal para saber se as filtracións son problemas de mantemento ou defectos estruturais, porque é posible que a cuberta non esté preparada para soportar as últimas actividades autorizadas polo alcalde Represas, como a instalación de carpas e atraccións sobre a mesma”.

O PP aclara que, no caso do auditorio, a reforma efectuada



no 2011, xunto coa impermeabilización da praza, nunca deu problemas. “Deixamos o goberno en 2015 e non houbo unha soa filtración nin na sala principal nin na multiusos. En caso de que sexa un problema estrutural o alcalde ten que pedir responsabilidades xa a empresa constructora e a Deputación de Pontevedra, administración que promoveu a obra, xa que deberían saber que existe un seguro a dez anos para cubrir este tipo

de erros”.

Ademais o PP, lémballe ao alcalde, que segue pendente a reforma da cuberta da piscina municipal, “cuestión que foi aprobada en pleno e da que nada de sabe a día de hoxe.

Os populares lamentan que despois de cinco anos no Goberno, o alcalde nacionalista, Xosé Represas, continúe coa crítica, coma se fose oposición e non se poña a traballar polos veciños de Ponteareas.

ACIP demanda unha solución do incumprimento da ordenanza de limpeza

Algúns propietarios de mascotas non cumpren diariamente as súas obrigacións, creando unha situación de problema de saúde pública e convivencia nas nosas vías e parques Municipais. Os veciños están fartos da situación que viven día a día en beirarrúas e parques públicos onde ven a falta de control da policía Local.

Para o portavoz Municipal de ACIP, Juan Carlos González Carrera, isto non é máis que unha mostra da falta de control municipal. A

medida da recollida de feces por una empresa non é efectiva. Mostra a falta de control da policía local para controlar algúns incívicos que acampan ás súas anchas e crean unha situación de crispación, pois a maioría dos propietarios de mascotas cumpre a lei.

Desde ACiP esiximos que o goberno de BNG –PSOE cree zonas concretas para que os veciños poidan levar as súas mascotas, que se modifique a propia ordenanza de limpeza e que se axilicen os expedientes sancionadores.

O alcalde rexeita solitcar á Deputación investimentos para os campos de Angoares e San Mateo

O PP lamenta que o alcalde nacionalista, Xosé Represas, antepoña os seus intereses partidistas ao interese xeral.

Neste caso, os populares quéixanse do voto en contra para solicitar á Deputación de Pontevedra investimentos para os campos de Angoares e San Mateo.

“Presentamos esta moción porque os usuarios de ambos os campos reclámannos, desde hai anos, a mellora e instalación de céspede artificial. O certo é que nos orzamentos municipais non se destinou un só euro e vendo que a administración provincial está a investir noutros municipios, pensamos que sería posible que tamén cubrise

estas necesidades en Ponteareas”, explican os populares.

Lonxe de chegar a un acordo, o alcalde, Xosé Represas, e os seus socios de Goberno (PSOE) votaron en contra de solicitar á Deputación de Pontevedra este investimento.

“Parece que só levantan a man a favor cando o investimento tena que facer a Xunta do PP. Se é unha administración gobernada por eles fan a vista gorda. Que saiban que votaron en contra dos veciños, en contra dos clubs deportivos que fan uso deses campos, en contra do noso municipio. Será a eles a quen terá que darlle explicacións”, advirten os populares.

O PP leva ao Parlamento Galego temas de Ponteareas

Os populares levaron a debate no Parlamento Galego, o 15 de xaneiro, dúas Proposicións Non de Lei, relativos a Variante, a seguridade da N-120 e a ampliación da EDAR.

Na primeira instan a Xunta a pedir ao Goberno de España que manteñan as partidas presupostarias aprobadas polo goberno

anterior para a N-120 e a Variante de Pontareas. A outra proposición solicita que a Xunta e Goberno de España se reunan para abordar o financiamento da EDAR de Ponteareas. Tamén piden información sobre o compromiso da Xunta de facer os cambios nas partidas económicas necesarias para iniciar as obras da depuradora.



PONTEAREAS
CONCELLO

www.ponteareas.gal

FEBREIRO

SÁBADO 1

De 10h a 20h Carpa da Praza Maior. **Feira de Oportunidades.** Organiza Banastra.

18:30h Centro Cultural de Guillade. **Actuación de Ian e Elisa.** *Cultura 21*

DOMINGO 2

De 11:30 a 20h Carpa da Praza Maior. **Feira de Oportunidades.** Organiza Banastra.

18h Centro Cultural de Arnoso. **Monólogo de Paula Carballeira.** *Cultura 21*

MARTES 4 e MÉRCORES 5

De 9 a 14:15h Pavillón Municipal. Feira de Ensinanzas Profesionais e Artísticas.

VENRES 7

20:30h **Venres D_lettras.** "Tren", de Moncho Iglesias Miguez

MÚSICA LETRAS **TEATRO** ROTEIROS EXPOSICIÓN VARIOS CINE HUMOR
infantil adulto familiar

SÁBADO 8

20:30h Auditorio Municipal. Teatro: **"O electo"**, de Contraproducións S.L. (Agadic)



DOMINGO 9

20h Centro Cultural de Moreira. **Monólogo de Paula Carballeira.**

VENRES 14

21h Auditorio Municipal. **Leo Bassi.** Ciclo de humor Ponte a Rir. MM Produccións

SÁBADO 15

12h Auditorio Municipal, sala multiúsos. **"Patapatún tun, tun"**, a cargo do Mago Paco. Programa **Apego.**

17h Centro Cultural Xinzó. **Obradoiro de máscaras de entroido.** *Cultura 21*

DOMINGO 16

17h Casa Cultural de Cristiñade. **Maxia: Ian e Elisa.** *Cultura 21*

18:30h Auditorio Municipal. **Acto de homenaxe a Rosalía de Castro. Conferencia-recital de Anxo Angueira,** Presidente da Fundación Rosalía de Castro e actuación musical de **Habelas Hainas.**



MÚSICA LETRAS **TEATRO** ROTEIROS EXPOSICIÓN VARIOS CINE HUMOR
infantil adulto familiar

PROGRAMA ESPECÍFICO DE

DO 21 ao 26 de FEBREIRO ENTROIDO

VENRES 28

21:30h Auditorio Municipal. **Fado Convergente.** Semana cultural das converxencias Portugal-Galiza. Homenaxe Rosalía Zeca Afonso.

SÁBADO 29

20h. Auditorio Municipal. **Concerto Convergencias.** Xornadas de Convergencia. Semana cultural das converxencias Portugal-Galiza. Homenaxe Rosalía Zeca Afonso.

Cultura 21: Programa incluído polo Concello de Ponteareas no ano 2018 co obxectivo de estender a programación cultural ás vinte e catro parroquias ponteareas, de forma progresiva, nos distintos trimestres do ano.

Programa Apego: Programa familiar de socialización da lingua galega entre os 0 e 6 anos. www.apego.gal

Queres recibir a programación no teu teléfono móbil? Garda nos teus contactos o teléfono +34687035487, e a continuación envía un whatsapp coa mensaxe "Ata - o teu nome". Dende ese momento recibirás toda a programación de actividades.

I XORNADAS DE PATRIMONIO DO CONDADO

Do 2 ao 6 de marzo de 2020

Programa

Día 2

09:00 h. Auditorio Municipal. Entrega de material, recepción e inauguración do congreso a cargo do Alcalde de Ponteareas e un membro/a da Xunta por determinar

10:00 h. Auditorio Municipal. “O Castro de Troña” relatorio de José Manuel Hidalgo Cuñarro (Instituto Histórico e Xeográfico de Santa Catarina (Brasil)

12:30 h. Auditorio Municipal. “O influxo da catedral de Tui no Patrimonio Medieval do Condado”. Conferencia a cargo de Marta Cendón Fernández. (USC)

16:30 h. Visita ao Castro de Troña guiada por Manuel Hidalgo Cuñarro (Instituto Histórico e Xeográfico de Santa Catarina (Brasil)

Día 3

10:00 h. Auditorio Municipal. “Os petróglifos do Condado” relatorio a cargo de Xosé Lois Vilar Pedreira (Instituto de Estudios Miñorans (IEM))

12:30 h. Auditorio Municipal. “Toponimia e patrimonio cultural. O exemplo da parroquia de Pesqueiras” relatorio a cargo de Alberte Reboreda Carreira

16:30 Visita guiada aos petróglifos de Gargamala (Mondariz) guiada por Xosé Lois Vilar Pedreira (Instituto de Estudios Miñorans (IEM))

Día 4

10:00 h Auditorio Municipal. “O castro da Croa: posibilidades e estratexias para a súa recuperación patrimonial”. Conferencia a cargo de Rafael Rodríguez Martínez (Deputación de Pontevedra)

12:30 h. Auditorio Municipal. “Os fondos do Museo Municipal de Ponteareas” relatorio a cargo de María Luisa Castro Lorenzo (Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Historia)

16:30 h. Auditorio Municipal. “A orixe e evolución de Ponteareas. Franciscanos en Canedo” relatorio a cargo de Juan Manuel Buján García (Ministro Provincial dos Franciscanos)

Día 5

10:00 h. Auditorio Municipal. “Sub castello de Suberoso: Fortificación e territorio na Galicia Medieval”. Conferencia a carga de Carlos Andrés González Paz (Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento)

12:30 h. Auditorio Municipal “As pontes do río de Tea”. Conferencia a cargo de Clodio González Pérez (Museo do Pobo Galego, Real Academia Galega)

16:30 h. Auditorio Municipal. “A irmandade do Galleiro entre Ponteareas e Mos: os pasos naturais entre Ponteareas e Mos na serra do Galleiro”. Conferencia a cargo de Marcos Escudero Pérez (A.C. ViaxaMos no tempo)

17:00 h. Auditorio Municipal: “ Os poboadores da Serra do Galleiro dende a Prehistoria” Relatorio a cargo de Marina Alcalde Cuña (A.C . ViaxaMos no tempo)

17:30 h. Auditorio Municipal: “Ranchos de Reis Tradicionais no Condado” Relatorio a cargo de Nieves Barrera Groba (Asociación Rancho de Reis de Guláns, Ponteareas)

18:00 h. Auditorio Municipal: “Os fosos de Guláns é a súa contorna” Relatorio a cargo de Arístides Carrera Lorenzo (Asociación do Patrimonio Cultural Val do Tea)

18:30 h. Auditorio Municipal: Mesa Redonda sobre os temas anteriormente tratados. Participantes: Nieves Groba Ucha, Arístides Carrera Lorenzo, Marina Alcalde Cuña e Marcos Escudero Pérez

Día 6

10:00 h. Auditorio Municipal: “O Corpus Christi e o Patrimonio Cultural inmaterial”. Relatorio a cargo de Rafael Sánchez Bargiela (Instituto de Estudios Tudenses)

12:30 h. Auditorio Municipal. Clausura do Congreso a cargo do Alcalde de Ponteareas e a Presidenta Deputación



CONDADO/PARADANTA

As nadadoras do Club Natación Ponteareas categoría Máster proclámanse campioas galegas de inverno

Ademais o equipo de relevos estableceu a mellor marca galega

A concellería de Deportes, que dirixe Nahir Covelo, en nome de todo o grupo de goberno felicita ao Club Natación Ponteareas polos excelentes resultados que acadaron no Campionato Galego de inverno Máster disputado no complexo deportivo Friga de Lugo no que o equipo feminino acadou o ouro no podium e os relevos as mellores marcas.

O Club Natación Ponteareas



informa que ademais das numerosas, medallas tanto en probas individuais como en relevos, as e

os nadadores ponteareás estableceron a Mellor Marca Galega de relevos: 4x50m Estilos mixto

cat.+80 e cat.+280 e do 4x50m. Estilos Femenino cat. +200 Nahir Covelo felicita tamén ao

equipo feminino que se proclamou Campión Galego de inverno, quedando o equipo masculino do CN. Ponteareas terceiro clasificado e o equipo conxunto segundo na xeral final. O Club campión, o CN Portamiñá de Lugo, foi tamén o organizador e o anfitrión do torneo.

“Con estes magníficos resultados o equipo Máster afronta a próxima xornada de liga galega na casa, no complexo deportivo Álvaro Pino en febreiro, e volverá ter a oportunidade de acadar o campionato galego en Ourense en xuño.”, explica a directiva do Club Natación Ponteareas.

Xuntanza informativa sobre o Salto do Sela

O Goberno local de As Neves vén de convocar unha xuntanza con veciñas e veciños de todo o Concello, e en especial da parroquia de Vide, onde hai persoas afectadas pola venda e expropiación de terreos, para informarlles polo miúdo sobre o asunto do Salto de Sela, despois da extinción do aproveitamento de augas.

O Concello ten solicitado un informe xurídico para analizar as consecuencias xurídicas finais desta declaración feita polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e transmitirá esta información, ademais de analizar as consecuencias legais e xurídicas para as persoas afectadas, o venres día 7 de febreiro ás 20:00 h na 'Casa da Auga' de Vide.

Concurso de comparsas “Entroido 2020” do Concello da Cañiza

O domingo día 23 de febreiro terá lugar na Cañiza o Concurso de comparsas. A participación está aberta a todas as asociacións de veciñas e veciños, culturais, xuvenís, grupos, colexios, etc..

O desfile terá lugar o domingo 23 de febreiro (no caso de inclemencias meteorolóxicas, trasladarase para o vindeiro domingo con bo tempo)

Existen unicamente dúas categorías: Infantil (ata os 14 anos incluídos) e Adulto (a partir de 15 anos)

Considérase comparsa infantil, aquela que ten un mínimo de 60 % de nenas-os (ata os 14 anos incluídos). Todas aquelas comparsas que non cumpran esta porcentaxe serán consideradas adultas.

As comparsas deberán ter un mínimo de cinco compoñentes.

A concentración de todas as comparsas será na Praza Maior da Cañiza ás 16.00 h, de tal xeito que ás 16.30 h todas as presentes saíran en desfile pola ruta fixada pola organización.

A inscrición das comparsas farase na B.P.M. da Cañiza (sita na rúa Progreso nº 21) en horario de luns a venres de 10 a 13 h e de 16.30 a 20 h e sábados de 10 a 14 h.

O prazo improrrogable de inscricións de comparsas remata o 21 de febreiro ás 13 h.

Para este concurso establécense os seguintes premios por categorías: 500, 300, 200 e 150€

O Concello da Cañiza ofrece unha axuda/subvención de 10€ para todas -os participantes que completen o desfile, cun

límite máximo de 400 euros independentemente do número total de participantes e cuxos membros estean maioritariamente empadroados no Concello da Cañiza.

O concurso de comparsas terá un xurado constituído por un mínimo de tres compoñentes e un máximo de cinco, todas e todos eles serán persoas relacionadas ao mundo das artes (pintura, música, moda, teatro,...) e que terá en conta para tomar a súa decisión: o desfile, a calidade dos disfraces (se son comprados ou feitos a man), a actuación e a graza e o bo humor co que se leva o disfraz. Así mesmo, este xurado poderá desqualificar a aqueles participantes que non reúnan a calidade necesaria, quedando estes sen dereito a premio e a subvención.

A actuación das comparsas terá lugar na rúa Antonio Facorro da Cañiza, e realizarase por rigorosa orde de inscrición. O tempo máximo fixado de actuación para cada comparsa será de 4 minutos, puidendo ser penalizadas todas aquelas que se excedan do tempo estipulado.

As axudas (10 € / participante) e os premios serán entregados polas autoridades asistentes, unha vez rematen todas as actuacións.

A participación neste concurso leva implícita a aceptación das bases, a recollida da subvención e do premio, se é o caso, por parte de, polo menos, un integrante de cada comparsa no palco, no mesmo lugar da actuación e non está permitido empregar ningún tipo de artilluxio pirotecnico (bengalas, nitróxeno, petardos,...)

Festa do Cocido da Cañiza



Presentación da I Festa do Cocido Cañicense que se celebrou a pasada fin de semana. Presentes o

Presidente da Zona Franca de Vigo, o Alcalde da Cañiza e a Concelleira de Turismo da Deputación de Pontevedra.

Fitur acolle a presentación da LX Festa da Lamprea de Arbo

Horacio Gil presentou a LX Festa da Lamprea no Pavillón nº 9 de FITUR na caseta de Turgalicia.

O cartel gañador, que tamén se presenta en Fitur, é a proposta gañadora do Concurso de Carteis Festa da Lamprea 2020.

O xurado reunido o 30 de decembro no salón de Plenos do Concello daba a Isabel Núñez Montero o primeiro premio do Concurso.

O alcalde Horacio Gil, no seu discurso facía mención a que segundo un estudo recente que a gastronomía típica dun



destino será o principal reclamo para máis dun 60% dos viaxeiros neste 2019. E en Arbo, tomámolo ao pé da letra. Desde aquel 1961, Arbo celebrou ininterrompidamente 60 edicións da que é a nosa festa máis importante, e tamén das máis antigas de España.

O rexedor animaba a todos os presente que os días 24, 25 e 26 de abril acudisen á Festa da Lamprea, unha oportunidade única para descubrir en todo o seu esplendor a lamprea, Arbo, os seus costumes e as súas xentes. Os seus cocineiros e



cociñeiros son creadores da receita que pasou de xeración en xeración ao longo da historia. Se queren gozar durante todo o ano da nosa lamprea, non se preocupen, porque en Arbo poden facelo. A partir da lamprea seca ofrecemos outras elaboracións. Por exemplo, rechea, guisada con fideos e tirabeques, frita, asada á brasa, en empanada...

O alcalde informa que un ano máis a festa da Lamprea tenda un cartel de luxo, e do mesmo xeito que todos os anos incorporárase algunha novidade.

Un ano máis o Concello de Arbo, presenta o seu tan afamada festa da Lamprea en Madrid, onde ademais da presentación da Lamprea, tamén participaba o Xeodestino Condado - Paradanta.

Solicitud de reunión co novo Ministro de Transición Ecolóxica pola LAT

O alcalde de Arbo, Horacio Gil, solicitou unha reunión co novo Ministro de Transición Ecolóxica, o máis axiña posible que a axenda permita, para tratar o tema do Proxecto da Liña Aérea de Transporte de enerxía eléctrica de 400 kV Fontefría -Fronteira Portuguesa,

co fin de trasladarlle a posición de rexeitamento da Corporación Municipal e dos veciños ante este proxecto e o recente estudo de trazado alternativo proposto, así como coñecer a postura que seguirá o novo Goberno de España en relación con este asunto.



CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

**Especialidade en
rosquillas e melindres**

Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas

986 640 834

CONDADO/PARADANTA

Redacción

Rematadas as obras do miradoiro de San Nomedio, en As Neves

O alcalde, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, acompañou á directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, nunha visita ao miradoiro de San Nomedio, logo das melloras realizadas no mesmo grazas a unha achega de preto de 30.000€ por parte da Consellería de Cultura e Turismo do Goberno de Galicia.

Rodríguez Méndez subliñou que o miradoiro "ten unhas vistas únicas da comarca do Condado" e constitúe un lugar inmemorable, tanto para quen queren gozar da natureza coma para os amantes da astronomía, "pola súa situación coma pola escasa contaminación lumínica", o que permite unha observación clara do firmamento.

Xeodestino Condado-Paradanta

O Xeodestino Condado Paradanta, dependente do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Condado Paradanta, está a potenciar o proxecto dunha rede de miradoiros nos concellos que forman parte do mesmo e



contempla un miradoiro de iguais características en cada vila da comarca.

694 metros de altitude

O miradoiro de San Nomedio atópase a 694 metros de altitude nun monte de grande pendente, pertencente aos montes de A Paradanta, aberto a impresionantes vistas sobre o val do Termes e do Xuliana, ademais do Miño, xa máis lonxe, abranguendo, xunto a parte de As Neves, o norte de Portugal.

No mesmo, como puido ver a directora de Turismo da Xunta, rematouse unha construción en 'forma de tubo' que serve de guía para mirar ao leste, cara ao nacemento do sol-ofrecendo unha vista panorámica de boa parte de As Neves. Ademais, tamén está acabado o 'observatorio nocturno', que conta cunha serie de pezas en forma de circunferencia que serven para sentarse e observar o ceo e as estrelas.

Mondariz mecaniza o servizo de limpeza viaria

O goberno de Mondariz, consciente das queixas da veciñanza en relación á limpeza viaria da área urbana e das estradas de competencia municipal que atravesan o concello, está tratando de optimizar os escasos recursos humanos dispoñibles coa mecanización destas tarefas.



Nos últimos días incorporou unha máquina varredora-aspiradora que se empregará na limpeza viaria da área urbana, unha tarefa que se viña facendo manualmente e de xeito rudimentario. Esta adquisición, que se realizou mediante un contrato de arrendamento con dereito a compra, súmase á dunha minicargadora con varredora prevista desde a pasada lexislatura que dará servizo á limpeza viaria de estradas.

Con estas medidas, o goberno busca atender os servizos públicos de competencia municipal o mellor

posible. "Durante as charlas do goberno nas diferentes parroquias observamos descontento respecto á limpeza viaria e outros servizos públicos de competencia municipal como a recollida de lixo. Este descontento non é novo, vén de lonxe. Nestes primeiros meses de lexislatura analizamos a situación desde o goberno e concluímos que hai factores condicionantes como a escaseza de recursos humanos e a dificultade de contratación de novo persoal e se require unha estratexia baseada na mecanización de actividades", explica o alcalde, Xosé Emilio Barros.

ENTROIDO 2020

Venres 21 de Febreiro
A partir das 10:45 h
Desfile do alumnado dos centros de ensino
Organiza o CEIP Marquessa do Pazo da Mercè

Sábado 22 de Febreiro
A partir das 18:00 h
Desfile de Comparsas
Solda da rotonda do Montesol

A partir das 18:30 h
Festa na Praza Maior
Música, coplas e actividades infantís

Concurso de disfraces
e
Queima da Velutina

En pare de desfiles e actividades no Pazo da Mercè Municipal.

As Neves

Entrega de diplomas do curso Artesanía en Coiro organizado por Mulleres do Rural do Tea

A concelleira de Benestar Social e Igualdade, Verónica Carrera, e a deputada provincial Olga García, entregaron os diplomas do curso "Artesanía en Coiro" impartido no Centro Artístico Sportivo no marco do pro-

grama Conectadas da Deputación e organizado pola asociación de Mulleres do Rural do Tea.

O programa "Conectadas" ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade para favorecer as relacións inter-

persoais e o intercambio de experiencias, contribuir a mellorar a súa empregabilidade e o seu mantemento no mercado de traballo e reducir a brecha dixital mediante a utilización da información e as novas tecnoloxías.



A enseada de San Simón esceario da estrea das rutas da Deputación e Seo Birdlife "Voando Rías Baixas 2020"

A Enseada de San Simón foi a paisaxe escollida para a observación de aves mariñas e acuáticas na primeira ruta de "Voando nas Rías Baixas 2020", o programa de saídas gratuítas da Deputación de Pontevedra que a institución pon en marcha por terceiro ano consecutivo con Seo BirdLife. As rutas son unha iniciativa enmarcada no seo das propostas lanzadas ao abeiro do Plan Estratéxico de Turismo para sensibilizar á poboación, internacionalizar e desestacionalizar o destino provincia de Pontevedra, ademais de traballar pola promoción do turismo ornitológico, un sostible e respectuoso co medio.

Durante esta primeira excursión, na que participaron as deputadas de Turismo e Medio Ambiente, Ana Laura Iglesias e Iria Lamas, as 25 persoas participantes puideron observar, nesta paisaxe intermareal situada no



máis profundo da ría de Vigo, a invernada e o paso migratorio de aves acuáticas e mariñas. Ademais do pato asubador, nesta zona destacan tamén as limícolas como o bilurico das rochas, a píldora cincenta, o bilurico patirrubio e claro, o pilro común; ardeiros como a garza real ou os corvos mariños; e paxariños como o vistoso martiño peixeiro. Esta ruta, contou con guías especialistas de SEO-Birdlife e con material óptico e didáctico.

O programa da Deputación en

colaboración con SEO-Birdlife permite, a través destas excursións guiadas, coñecer de xeito gratuíto a riqueza ornitológica da provincia de Pontevedra. Tras esta primeira ruta, "Voando nas Rías Baixas" continúa cunha segunda excursión o 16 de febreiro polo Complexo Intermareal Umia-O Grove. O prazo de inscrición para o segundo roteiro estará aberto dende o 3 ao 12 de febreiro. Posteriormente, o programa continuará polo esteiro do río Miño e Foz da Ramallosa, Brañas de Xestoso e Serra do Suído.

Depotermal 2019 achegou novas experiencias a case 2.900 persoas

No ano 2019 participaron no programa "Depotermal" 2.877 persoas de 56 concellos da provincia de Pontevedra. Nos cinco meses que se desenvolveu, 565 persoas puideron gozar da modalidade diúrna, mentres que 2.312 se beneficiaron do programa con pernoita, ademais das persoas en situación de risco de exclusión social que foron subvencionadas pola Deputación.

O concello que contou cun maior número de participantes no programa termal foi Vigo, con 1.098. Pontevedra foi o segundo con 233 persoas, mentres que Cangas, Redondela e Nigrán ocuparon o terceiro, o

cuarto e o quinto posto con 123, 118 e 91 participantes respectivamente.

O programa da Deputación de Pontevedra cumpre co dobre obxectivo de promover o envellecemento activo ao tempo que dinamiza a economía da provincia, impulsando o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade e, polo tanto, desestacionalizando a demanda. "Depotermal 2019" estivo dirixido a persoas empadroadas na provincia nadas antes do 1 de xaneiro de 1969, ou a aquelas que, nacendo con posterioridade son pensionistas, teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

Broche de ouro á exposición de "Galaicos" coa actuación de "Tanxugueiras"

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, subliñou a grande acollida da exposición "Galaicos: un pobo entre dous mundos", que nestes catro últimos meses recibiu no Museo de Pontevedra ata 12.000 visitas, "un extraordinario balance" que Silva fixo no acto oficial de clausura da mostra no Sexto Edificio, acompañada polo director do Museo, José Manuel Rey e que se pechou coa actuación do trío galego Tanxugueiras, formado polas irmás Sabela e Olaia Maneiro xunto a Aida Tarrío, e a súa aposta pola música de raíz, as letras reivindicativas e o feminismo.

Pontevedra foi a parada final desta ambiciosa mostra, organizada polo departamento de Turismo da Deputación, e que nas súas anteriores estadias no Museo Arqueolóxico Nacional de Madrid e no Museo da Prehistoria de Valencia acadou 18.000 e 14.000 persoas respectivamente. Deste xeito, como explicou a presidenta da institución provincial, "en total foron máis de 44.000 as persoas que puideron achegarse a esta exposición e que puideron comprobar que Galicia, e máis particularmente a provincia de Pontevedra, foi o centro da relación entre dous mundos, o Atlántico e o Mediterráneo, hai 2000 anos".

"Galaicos: un pobo entre dous mundos" está comisariada polo historiador Antoni Nicolau e o ar-



queólogo Rafael Rodríguez e reúne máis de medio cento de obxectos arqueolóxicos, acompañados doutros materiais, como proxeccións ou ilustracións arqueolóxicas, que tratan de achegar a realidade de Galicia durante o período comprendido entre o crepúsculo da Idade de Bronce (1500-800 antes da nosa era) e o século VI e amosar o nexo de unión e de confluencia cultural entre dous mundos, o Atlántico e o Mediterráneo. Amais, a mostra ofrece información sobre algúns dos xacementos da provincia, entre eles os da Cabeciña, Penalba, A Lanzada, Santa Trega, Monte do Castro, Castro de Alobre e Castrolandín, Monte do Facho, a vila romana de Toralla e Salinas de Vigo ou Adro Vello. As fotografías e vídeos expostas permiten coñecer estes xacementos e valorar a paisaxe arqueolóxica da provincia para amosar os cambios e as continuidades que se producen durante o devandito período.

A Deputación potencia o proxecto Smartpeme



O proxecto Smartpeme, que a Deputación de Pontevedra presta desde o ano 2016 para o asesoramento tecnolóxico e de mellora de competitividade a pemes, persoas autónomas e emprendedoras, continúa crecendo e impulsando o desenvolvemento económico do tecido empresarial da provincia. A Xunta de Goberno acaba de adxudicar o servizo de evolución e xestión da Rede Smartpeme para este ano 2020 e o 2021 á empresa KMPG Asesores SL, por un orzamento de 975.018 euros. A presidenta Carmela Silva recalcou "o grande éxito deste programa que só no ano 2019 levou a cabo máis de 2.200 asesoramentos con 530 empresas da provincia e con ac-

tividades nas que participaron máis de 2.000 persoas".

A presidenta anunciou que neste novo período o servizo vai incorporar novidades, en concreto, "os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 e tamén todo o que ten que ver coa Responsabilidade Social Empresarial". Máis polo miúdo, a aposta polos ODS da Axenda 2030 da ONU, centrarase desde a carteira de servizos de Smartpeme Impulsa na contribución activa aos obxectivos de educación de calidade (número 4 dos ODS); igualdade de xénero (número 5); traballo decente e crecemento económico (8); industria, innovación e crecemento económico (9) e produción e consumo responsable (12).

A Comunidade educativa do CEP Carlos Casares despide á mestra Pilar



Un bonito e entrañable acto escolar o profesorado, alumnado, exalumnado, pais/nais, persoal non docente e amigos, despediron a mestra María del Pilar González Casas no día da súa xubilación.

Responsable en grande medida do nome do Centro. Carlos Casares, padriño dunha aula, estivo presente na escola o día do bautizo, quedando encantado co que aquí viviu, feito que quedou reflectido nun artigo escrito por el na Voz de Galicia. Este dato acompañado doutros motivos fai que con acerto e con orgullo o Centro leve o seu nome. De maneira anecdótica recordar que nun primeiro momento entre o profesorado e alumnado estaba no ambiente poñerlle o nome de Néboa, relacionado coa climatoloxía do lugar.

Pilar, mestra cun forte carácter; mestra defensora da nosa lingua, sempre nas equipas de normalización lingüística; mestra inmensamente traballadora, cunha morea de horas sobre as súas costas fóra do horario lectivo para poder levar adiante a cantidade de actividades nas que por norma se involucra; mestra innovadora, responsable do bautizo das aulas co nome de escritores e escritoras representativos da nosa cultura, partícipe na revista "Néboa", calendario escolar, axenda escolar..., en actividades de radio dentro de "Ponte nas Ondas", defensora da natureza, "Os detectives verdes", "Apila as pilas" e "Voz Natura". A todo isto engadirlle a propia actividade marcada no currículo escolar propiamente dito.

No colexio de Alxén desenvolveu

case toda a súa vida docente, máis de tres décadas, despois dun breve paso por Mondariz e Leirado. Tanto é así que entre os ditos do colexio, está aquel que ten a un alumno por protagonista cando se dirixe a Pilar e lle di: "Entón profe, ti xa estabas aquí cando fixeron a escola". Cando chegou, aló polo 1988, soubo adaptarse e, no seu caso mellorar, a liña de traballo que por sorte existe neste centro dende o seu comezo. Nace o concepto de "alxenizar" ou sexa integrarse na liña de traballo do colexio e levar a outros centros a onde van destinados mestres e mestras que pasaron por Alxén a filosofía de traballo aquí existente.

Pasados uns días e diante dunha boa mesa tivo lugar un xantar entre amigos e amigas para homenaxeala e desexarlle que disfrute



dunha longa e merecida xubilación e do seu tempo de lecer que dá lugar a unha nova etapa da súa vida. O acto celebrado nun res-

taurante da zona foi divertido e alegre onde se produciron reencontros maravillosos. Foi unha xubilación especial!!!

FUCO PRADO

